

## MANIFESTO EN MAREA 25N

Desde a Marea Feminista (En Marea) amosamos o noso total e absoluto apoio ás vítimas da violencia machista.

Coa vista posta neste 25 de novembro, iniciamos a campaña [#VisibilizandoAsViolencias25N](#) para interpelar á sociedade, e en especial aos homes, sobre a súa responsabilidade no mantemento da desigualdade.

A expresión máis atroz da violencia machista son os asasinatos, pero son so a punta do iceberg: hai moitas condutas, accións, omisións, etc, etc. que tamén son violencia machista.

Nos últimos 15 anos, 885 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas. O ano pasado, os xulgados galegos recibiron 5683 denuncias por violencia machista. Raro é o día que non hai unha nova sobre algunha agresión, ameaza, vulneración de dereitos... cara as mulleres. Está claro: o machismo mata.

As crianzas tamén son vítimas da violencia machista, xa que a sofren tanto directa como indirectamente, mais en moitos casos, tómanse decisións que deixan aos fillos/as de mulleres vítimas de violencia machista nunha situación de desprotección, vulnerando os seus dereitos, xa que, nos casos de violencia machista, debe primar o interese superior do/a menor, afastandoo/a, nestes casos de quen agrede á súa nai. Cada vez que se agrede á nai dunha crianza esta tamén é agredida.

Para rematar coa violencia machista, desde a marea feminista esiximos:

- A dotación de recursos reais por parte da administración.
- O desenvolvemento e o cumprimento de tódolos puntos da Lei 11/2007, de 27 de xullo, Galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e do decreto 182/2004 no relativo ao persoal mínimo esixido (hai CIMs q non contan nin co mínimo esixido normativamente, sendo a Xunta coñecedora).
- Integrar a coeducación nos centros de ensino (ampliando os contidos mínimos relacionados coa igualdade e a prevención das violencias machistas e incorporando a perspectiva de xénero nos plans de estudo).
- Formación en igualdade -obrigatoria e específica- para o conxunto de profesionais implicados e que interveñan no proceso educativo, xudicial, etc. (docentes, xudicatura, forzas de seguridade ...).
- Desenvolver e levar a cabo protocolos de actuación interdepartamental e interinstitucional para a coordinación e mellora das actuacións.

Animamos a todas e todos a participar nos actos que teñen lugar ao longo do país con motivo do 25 de novembro.